

ENTROIDO



ORIXE DA FESTA

O entroido ou carnaval é unha festa de carácter tradicional que se celebra entre os meses de febreiro e marzo. Coincide co período inmediatamente anterior á Coresma (para os cristiáns este é un tempo de xaxún, non comer carne, de 40 días antes da Pascua).

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Non se sabe con certeza a súa orixe, algúns pensan que vén da tradición celta, que tiña posiblemente o seu significado na despedida dos longos e duros días do inverno. Outros afirman que os comezos desta festa, pódense atopar na adoración a Baco ou Dionisos (deus do viño e as "enchentas")



Coa chegada do cristianismo, moitas das festas pagás que eran antigamente celebradas, foron tomadas e cristianizadas; así o seu significado pasou a ser a despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que comeza no mércores de cinza (é dicir corenta días antes do domingo de Ramos).